

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 427/2016

Procedida á convocatoria para a contratación da obra de “Substitución do Acabado da Cuberta do Polideportivo Municipal” incluída no Plan de Acción Social 2016 da Deputación Provincial, rematado o prazo de presentación de propostas e unha vez celebrada a Mesa de Contratación para a apertura do sobre A, Documentación Administrativa e Sobre B, Referencias Técnicas, e emitido informe técnico solicitado pola Mesa, de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ao abeiro do disposto no prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación para o **día 17 de outubro, luns, ás 10:00 horas**, en sesión pública, aos efectos de dar conta do informe técnico solicitado pola Mesa de Contratación. Se a mesa acorda admitir ás empresas presentadas e non procede emitir requerimento aos efectos de emenda de documentos, procederáse acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do SOBRE C, Oferta Económica. Criterios non avaliados de forma automática, conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución aos membros designados na Mesa de Contratación, así como facela pública no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (www.corcubion.gal), e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Corcubión a 13 de outubro de 2016

O Alcalde

Manuel Insua Insua

A Secretaria Acctal.

M^a del Carmen Trillo Mouzo

